

ROGO DE AER SOBRE OS CRITERIOS DE ADMISIÓN EN CURSOS E ACTIVIDADES MUNICIPAIS. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-2).

PLENO 06 NOVIEMBRE 2017. ACTA 09/2017

No pleno do 22 de febreiro de 2016 aprobouse por maioría a moción de AER sobre o programa municipal de conciliación. Entre os acordos acadados, atopábase o seguinte: “1.- Que nos programas de conciliación laboral e familiar se establezan como criterios prioritarios de admisión a situación laboral e económica da unidade familiar.” Así pois, dende o ano pasado, o procedemento de admisión de participantes no programa municipal de conciliación regulouse segundo os criterios propostos en base a moción de AER. Uns criterios máis xustos e equitativos que a simple “orde de entrada en rexistro”, establecendo grupos de prioridade de solicitantes: Grupo 1.- a) Familia monomarental/monoparental coa persoa proxenitora en situación de emprego. b) Familias cunha persoa dependente ao cargo con grado 2 ou 3 de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia. Grupo 2. - Familia na que as dúas persoas proxenitoras están empregadas. Grupo 3. - Familia na que unha das persoas proxenitoras está en situación de emprego. Grupo 4. - Calquera outro suposto. Dende AER demandamos en varias ocasións que tódalas actividades e cursos municipais adoptasen criterios semellantes, ou como mínimo, a selección mediante sorteo de tódolos inscritos, para así evitar que o criterio da rapidez en meter un rexistro a primeira hora da mañá fora decisivo, por ilóxico e inxusto. Sorpréndenos pois que na actualidade se siga mantendo este inxusto e ilóxico criterio de “orde de entrada de solicitude de inscrición ou solicitude” en diversas das actividades e cursos con prazas limitadas que organiza o concello. Ou sexa, atopámonos que nalgúns cursos ou servizos aplícanse uns criterios e noutros outros criterios totalmente antagónicos. Rogamos que en tódolos cursos e actividades organizados polo Concello de Redondela se establezan como criterios prioritarios de admisión a situación laboral e económica da unidade familiar, así como a necesidade específica do solicitante do curso en cuestión.”

O alcalde: toma nota